

BASES DO CONCURSO AUDIOVISUAL “MULLERES” 2019

CONVOCANTES

A Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (de aquí en adiante COPG), ten como función principal contribuír á corrección da discriminación que sofren as mulleres, propoñendo unha serie de actuacións concretas que camiñen cara a igualdade real.

Unha desas actuacións consiste en convocar o concurso audiovisual "Mulleres" 2019, co obxectivo de concienciar á xuventude sobre a desigualdade existente entre mulleres e homes e promover a reflexión para lograr a igualdade neste ámbito.

PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso as e os estudantes de Bacharelato e de Ciclos Formativos de Grao Medio (CFGM) e Superior (CFGS), de centros de ensino de Galicia, de maneira grupal (entre dous e seis participantes).

TEMA

O tema será o movemento feminista do 8M e a súa relevancia social.

OBRAS

As obras terán unha duración máxima de dous minutos e estarán gravadas en galego ou castelán, ou subtituladas nunha destas dúas linguas. A técnica será libre, podendo empregar videocámara, móbil, tableta...

Han de ser orixinais e inéditas e non ter sido premiadas noutros concursos nin visualizadas en ningún medio.

Han de constar a autorización de protección de datos e de imaxe de cada unha das persoas que aparezan na obra. No caso de menores de idade deberá ir asinada polos seus representantes legais.

Cada grupo poderá presentar só unha obra. As obras premiadas pasarán a ser propiedade do COPG, que adquirirá sobre estas o dereito pleno á súa utilización,

reproducción e difusión. As obras premiadas só poderán ser usadas polo COPG para promover a igualdade e combater a desigualdade por razóns de xénero. O COPG queda facultado para introducir algunha modificación nas obras premiadas se existise algunha dificultade técnica para a súa edición ou para introducir algún texto.

As autoras e autores e os seus representantes, no caso de menores de idade, responsabilizaranse dos dereitos das súas curtas en materia de protección de datos e propiedade intelectual, liberando ó COPG de calquera posible reclamo.

DOCUMENTACIÓN

As obras enviaranse nun formato estándar compatible coa maioría dos reprodutores, indicando no arquivo o título e o pseudónimo do grupo, o cal servirá para preservar a identidade das/os artistas ata o fallo do xurado. Ademais, irán acompañadas dos seguintes documentos axuntos:

1) A folia dos datos das persoas participantes, 2) a folia de aceptación das bases 3) a autorización de protección de datos de carácter persoal que se axunta ás presentes bases, xunto coa autorización de imaxe asinada polos representantes legais dos menores de idade.

PRAZO

O prazo de admisión das obras rematará o 1 de abril de 2019 (incluído).

As obras enviaranse por correo electrónico ó enderezo: copgalicia@copgalicia.gal, indicando no asunto CONCURSO AUDIOVISUAL MULLERES 2019. No corpo da mensaxe só se indicará a categoría na que se participa (Bacharelato, Ciclo Formativo de Grao Medio ou Ciclo Formativo de Grao Superior), axuntando a documentación indicada no apartado anterior.

XURADO

Corresponderá á Comisión Intersectorial de Xénero do COPG a elección das obras gañadoras, para o que poderá consultar cunha persoa experta en comunicación audiovisual, que a propia Comisión escollerá. O fallo difundirase na páxina web do COPG e comunicarse por teléfono ás persoas gañadoras.

PREMIOS

Establécese un premio por categoría (Bacharelato, Ciclo Formativo de Grao Medio e Ciclo Formativo de Grao Superior) consistente nunha actividade para todo o grupo nalgunha das salas de escape de Galicia. Ademais, todas as persoas gañadoras dos tres grupos asistirán a un obradoiro sobre Orientación Audiovisual co director e produtor Pablo Cacheda de Paz.

Por último, establécese un **PREMIO** do COPG ó **CENTRO EDUCATIVO** desde o que se reciban máis propostas por parte do alumnado, que consistirá nunha placa de recoñecemento polo seu compromiso coa igualdade e a súa implicación co fomento da mesma.

O fallo da Comisión será inapelable e poderá ser declarado deserto se considera que ningunha das obras presentadas reúne a calidade suficiente. A participación neste concurso implica de forma automática a plena aceptación das presentes bases.

Máis información: Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal

ANEXO I

DATOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Nome e apelidos	
DNI	Idade
Enderezo electrónico	
Teléfono de contacto	
Centro escolar	
Enderezo do centro escolar	

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase ao interesado do seguinte

Responsable	<p>Identidade: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia CIF: Q-1500265-B Dirección: Rúa Espiñeira, 10, baixo, na localidade de Santiago de Compostela, provincia da Coruña Teléfono: 981 534 049 DPO: Cecilia Barros Díaz E-mail: copgalicia@copgalicia.gal</p>
Finalidades	Xestión das solicitudes a participar no Concurso Audiovisual 2019, así como das autorizacións, cesións de dereitos e declaracións responsables de gravación, filmación e cesión das mesmas.
Lexitimación	RGPD: Art. 6.1. Consentimento do interesado, execución dun contrato LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
Colectivo	Participantes Concurso Audiovisual 2019.
Categorías de Datos	Nome e apelidos, número de identificación fiscal tanto do participante como dos seus representantes legais, idade, enderezo electrónico, teléfono, centro escolar, enderezo do centro escolar, autorización de participación, autorización de imaxe e autorización de cesión dos dereitos de difusión, explotación, e demais explicados nas bases.
Cesiones	Non se cederán datos a terceiros, salvo para os fins descritos no presente documento, ou as excepcións previstas pola normativa vixente.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición reclamación ante á AEPD e a non ser obxecto de elaboración de perfíles. Dereito a revocar o consentimento prestado.
Máis información	Nas dependencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

ANEXO II

ACEPTACIÓN DAS BASES E DECLARACIÓN RESPONSABLE DA ORIXINALIDADE DOS AUDIOVISUAIS

Nome e apelidos persoa participante
DNI
Nome e apelidos pai/nai/titor/a
DNI

Pola presente, recoñezo que coa miña participación acepto na súa totalidade as bases establecidas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) para o concurso "Mulleres" 2019.

Así mesmo, autorizo a cesión de todos os dereitos para que o COPG poida utilizar, reproducir e difundir a/s obra/s premiada/s para calquera campaña de promoción da igualdade, e combater a desigualdade por razóns de xénero. Autorizo ao COPG a introducir algunha modificación na obra se existise algunha dificultade técnica para a súa edición ou para introducir algún texto, así como a que se expoña nunha mostra na sala de exposicións do COPG.

Recoñezo que a obra é orixinal é inédita e non foi presentada a ningún outro concurso ou publicada en ningún medio, e que a elaboración da mesma foi realizada pola persoa participante que figura no encabezado do presente documento.

Ena.....de.....de 2019

Asdo. persoa participante

Asdo. pai/nai/titor/a

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS CONCURSO AUDIOVISUAL 2019

Ena.....de.....de 2019

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal	
En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase ao interesado do seguinte	
Responsable	Identidade: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia CIF: Q-1500265-B Dirección: Rúa Espiñeira, 10, baixo, na localidade de Santiago de Compostela, provincia da Coruña Teléfono: 981 534 049 DPO: Cecilia Barros Díaz E-mail: copgalicia@copgalicia.gal
Finalidades	Xestión das autorizacións de gravación, filmación e cesión das mesmas.
Lexitimación	RGPD: Art. 6.1. Consentimento do interesado, execución dun contrato LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
Colectivo	Participantes Concurso Audiovisual 2019.
Categorías de Datos	Nome e apelidos, número de identificación fiscal, autorización de filmación de voz e imaxe e autorización de cesión dos mesmos.
Cesiones	Non se cederán datos a terceiros, salvo para os fins descritos no presente documento, ou as excepcións previstas pola normativa vixente.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición reclamación ante á AEPD e a non ser obxecto de elaboración de perfís. Dereito a revocar o consentimento prestado.
Máis información	Nas dependencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

En virtude do Regulamento Europeo de Protección de Datos e da Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos e de Garantía de dereitos dixitais, D./D.^a, con DNI número, na súa condición de pai/nai/titor/a do/a menor queda informado/a e presta o seu consentimento inequívoco á incorporación dos datos persoais seus e do seu representado/a facilitados no proceso do “Concurso Mulleres” organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coas finalidades descritas na táboa anterior.

Así mesmo, autorizo a que, de ser gañadora a obra audiovisual, sexan publicados o nome da/o menor, a súa idade e o seu centro escolar, así como a súa imaxe e voz, na páxina web do COPG (www.copgalicia.gal) e naquelas redes de comunicación que considere pertinentes o COPG, cedendo todos os seus dereitos sobre a obra polo feito de ser gañador/a.

Asdo. participante

Asdo. pai/nai/titor/a